




CANDO A ARTE SE APROPIA DAS RÚAS E ABROLLAN AMIZADES

TEXTO **Raquel Senra Fernández**. ELOS

Fai uns meses enfrasqueime nunha novela xuvenil que publicou Xerais na primavera de 2017 e que ten como fio condutor o emprego da arte urbana como expresión para embelecer o entorno, así como para reivindicar ou expresar certas realidades.

Entre outras cousas, na cuberta vese o título, Avións de papel, que xunto coa ilustración, na que se poden ver avionciños de cores, xera unha imaxe moi lírica que nos invita a voar polas páxinas desta obra para descubrir o que nelas se agochan.

Esta é unha historia tremendamente sensible que engaiola desde o primeiro instante e na que o escritor, Xavier Estévez (Bruxelas, 1969), emprega unha linguaxe moi cuidada e visual. Os personaxes aos que dá vida están moi ben definidos e o autor póñenos na súa pel para que sintamos os seus medos e inseguridades, as súas ledicias e degoxos. Ademais, é unha historia con dous narradores, que se identifican polo emprego dunha tipografía en redonda e cursiva, facendo o percorrido polas palabras moi ameno. Con eles viviremos os misterios e as



Cuberta do libro de Xavier Estévez

injustizas que acontecen nunha vila costeira.

As ilustracións de Marcos Viso (Ourense, 1973) teñen unha delicadeza sublime. O emprego de liñas rectas en moitos elementos das imaxes (fiestras, chans, valados...) e de texturas diversas (paredes, pel dos personaxes...) resultan unha combinación

moi agradable. Emprega cores pasteis entre as que predomina a cor turquesa, que nos envolven e transmiten tranquilidade. A forma de secuenciar e de escoller que imaxes representar é moi acertada porque axudan a complementar o texto facendo énfase nos feitos máis importantes. Destaca tamén o diferente emprego de planos ao longo da obra: primeiro plano, picados, subxectivos, detalle, cenital..., que outorgan dinamismo á historia e amosan a versatilidade do artista ourensán.

Unha viaxe de amizade na que os medos e inseguridades de dúas crianzas esvaece coa afección polo mundo da arte, do graffiti, da poesía... e que, malia súa curta idade, reivindican os espazos públicos como un lugar de expresión artística.

Este libro ilustrado tamén conta cunha sección ao final na que se recollen fotografías de diferentes murais realizados na comunidade galega. É unha pequena mostra do que se fixo e do que se está a facer nesta terra que, cada vez máis, aposta por encher de cores muros grises e avelloados. Sen dúbida, un regalo para os viandantes que teñen a sorte de descubrir estas obras.

raquel.senfer@gmail.com

ECO-GUERREIROS PARA SALVAR O MUNDO

TEXTO **Giulia Vezaro**

Para construír un mundo e un futuro mellor para que os nosos fillos e netos poidan disfrutar dos moitos praceres que proceden da natureza, como un paseo polo bosque ou un anoitecer na praia, é fundamental que tanto adultos coma nenos desenvolvamos certa sensibilidade cara ao tema da ecoloxía. Precisamente isto é o que pretendeu o poeta, escritor e profesor portugués João Manuel Ribeiro (1968) cando no 2012 publicou a obra titulada O Señor Pésimo é o Máximo, baixo o selo editorial Trinta por unha liña con ilustracións de Anabela Dias, unha historia que, dez anos despois, desencadéase a partir do desastre producido, na costa galega, polo afundimento do Prestige para sensibilizarnos cara ao futuro.

Tras cinco anos, e coincidindo co décimo quinto aniversario da catástrofe, a pequena novela foi traducida ao galego con mimo e profesionalidade por Ánxe-la Gracián (tamén creadora), publicada agora na editorial Hércules de Ediciones na súa colección "Novas lecturas de Hércules".

A familia do señor Pésimo, composta pola súa muller e dous fillos, está disfrutando duns días de vacacións na preciosa costa galega. O afundimento do buque Prestige desencadea un profundo cambio interior no pai que se envorcará por completo no labor de intentar cambiar e salvar o mundo, conseguindo arrastrar a toda a familia na súa renovada sensibilidade e entrega, chegando a ser recoñecido por O Máximo.

A historia, narrada desde o punto de vista do fillo menor, non se limita a unha simple acumulación de consellos ecolóxicos, senón que quere, recorrendo ao humor (conseguido sobre todo a través das dúbidas da nai e os comentarios da filla) e a un ritmo narrativo que nada ten de aburrido, achegarnos á autoconciencia e converternos en verdadeiros eco-guerreiros cuxa loita xorda do corazón e da intelixencia. Se dun lado o corazón nos volve máis sensibles e atentos a todo o que nos rodea, do outro a intelixencia fai que non lle deamos demasiada importancia ás dificultades (neste caso á opinión da sociedade do consumo e á perda das comodidades) e consigamos a forza necesaria no apoio dos demais e nos logros obtidos.

A elección de Bolota, ilustrador da edición galega e castelá, das cores brancas e negras é chamativa posto que podería relacionarse co contraste entre a marea negra vertida no mar polo Prestige, e a marea branca dos moitos voluntarios que chegaron de todas partes para axudar nese tráxico momento.




CARACOL, ONDE ESTÁS?, DE TOMI UNGERER

TEXTO **Sara Reis Da Silva**. UMINHO/ELOS/LIJMI

Tomi Ungerer (Estrasburgo, 1931) é un dos máis recoñecidos autores-ilustradores do século XX e un dos máis relevantes da literatura infantil e xuvenil. Galardoado, en 1998, co prestigioso Premio Hans Christian Andersen, a súa produción artística esténdese por catro décadas e integra unha multiplicidade de obxectos, entre 30.000 e 40.000, en estilos diferentes. Nesta súa vasta obra, distínguese a composición de máis de 120 libros, algúns deles clásicos indiscutibles da literatura universal, como Os Tres Bandidos (1961), O Homem da Lua (1966) ou Otto: The Autobiography of a Teddy Bear (1999).

En 1962 saíu a lume a primeira edición de Caracol, onde estás?, volume recuperado este ano por Kalandraka e que se inscribe na liña de Onde está o meu zapato? (1964), xa dado a coñecer nunha reedición publicada pola mesma editorial en 2014.

En Caracol, onde estás?, a interrogación invocativa que constitúe o título representa o punto de partida ou o reto que se lanza ao lector: percorrer as páxinas do volume ou a secuencia de ilustracións, sen palabras, en que se basea, e chegar ao seu final cunha resposta, no presente e na primeira persoa, declarada polo propio



Cuberta do libro de Ungerer

protagonista, xa introducido desde o título. A partir dunha técnica sagaz de ocultación, Ungerer vai envolvendo ao receptor nun xogo visual, nun exercicio de atención que esixe un ollar demorado e astuto. Preténdese que aquel que le e se diverte descubra nas diversas formas que integran as ilustracións, representacións coincidentes cun caracol. E, con coidado e perspicacia, esa figura animal vai sendo suxerida e vista en imaxes tan diversas como as ondas do mar, certos animais e plantas ou partes de instrumentos, por exemplo, que inclúen representacións de espirais logarítmicas. Apostando por unha paleta de cores fortes e contrastivas en representacións pictóricas que presentan algúns obxectos "sorprendentes", Ungerer capta a atención do lector curioso que se dedica a descubrir detalles coincidentes coa imaxe dun caracol.

Cunha compoñente ostensivamente lúdica, o álbum representa un desafío á capacidade de observación e de desciframento, gardando divertidos enigmas visuais. Óptimo para prelectores, ideal para lectores de todas as idades.

sara_silva@ie.uminho.pt